

REUNIÓN DEPARTAMENTO 25/03/2025

Sendo as 9:45 do 25 de marzo reúnese o Departamento de Física e Química do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela, para tratar os seguintes puntos na orde do día:

- Seguimento das programacións. Resultados.

En xeral as programacións están a desenvolverse con normalidade, segundo a secuenciación de contidos programada. As pequenas diferencias respecto do previsto estanse a indicar nos seguimentos correspondentes en [edu.xunta.gal/proens](https://www.edu.xunta.gal/proens)

	APROBADOS	SUSPENSOS
2 ESO A	72%	28%
2 ESO B	62,5%	37,5%
2 ESO C	95,8%	4,2%
3 ESO A	94,5%	5,5%
3 ESO B	89,5%	10,5%
3 ESO BIL	93 %	7%
4 ESO	100%	0%
1 FP BAS	62,5%	37,5%
2 FP BAS	80%	20%
1 BAC	86,7%	13,3%
2 BAC Física	100%	0%
2 BAC Química	100%	0%

Observouse un pequeno incremento da porcentaxe de suspensos nos cursos de 2 ESO, que consideramos ven dado pola dificultade das unidades didácticas que se traballaron nesta segunda avaliación. As diferencias entre grupos poden vir dadas polo ambiente de traballo do grupo, que é mellor en moitas das materias no grupo de 2 ESO C, segundo se comentou na avaliación.

En canto aos resultados en FP Básica, no grupo de primeiro moito do alumnado ten dificultades de aprendizaxe ou de comportamento, o que se recolleu nas actas das avaliacións correspondentes. Consideramos que isto é o principal motivo do rendemento académico.

- Propostas para a seguinte CCP: materias optativas, horas de proxecto/reforzo.

O departamento acorda solicitar que unha das horas de reforzo en primeiro ou segundo curso se adica á materia de matemáticas, tendo en conta os resultados da avaliación de diagnóstico de 2 ESO.

- Información para as familias sobre a sección bilingüe.

Acórdase enviar un escrito ás familias de primeiro á terceiro da ESO para informar sobre a posibilidade da continuidade das seccións bilingües, e a creación das mesmas en 2 e 3 ESO para o curso 2025/26. Proponse como data de reunión para dar esta información ás familias o martes 29 de abril, que haberá que confirmar coa dirección do centro.

Xúntase o escrito en anexo.

- Acórdase mercar botellas de 200 e 500 mL para poder dispoñer de diferentes disolucións no laboratorio.
- Fálase da posibilidade de mercar 2-3 balanzas dixitais, e pedirase orzamento.
- Para a realización das prácticas de forzas en 2 ESO buscaranse nas maletas no almacén de tecnoloxía os muelles e portapesas necesarios, xa que os grupos de 2 ESO son moi numerosos e non chegan os materiais previstos normalmente no laboratorio.
- Plantéxase a posibilidade de solicitar á dirección un carrito con ordenadores, dado que o uso da aula de informática está moi limitado pola cantidade de grupos que teñen clase alí.

Sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión, sendo as 10:35h do 25 de marzo.

Ana Dapena

María Roel

Marcos Vázquez

Estimadas familias:

Dentro da oferta educativa do IES Lamas de Abade inclúese a posibilidade de cursar a materia de **Física en Química desde 2º a 4º de ESO dentro dunha Sección Bilingüe (SB)** en Inglés.

Para iso, o **profesorado** do departamento posúe a **acreditación** necesaria para impartir a materia en lingua inglesa, seguindo os principios do ensino AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Lingua Estranxeira)

O desenvolvemento dos programas de **Seccións Bilingües** buscan **mellorar a capacitación** do alumnado para **comprender e expresarse con fluidez** en lingua inglesa, valorando a utilidade da lingua estranxeira empregada e **facilita** a súa **capacitación** para obter os **certificados** acreditativos de lingua B1/B2 do MCERL para as linguas.

A creación de SB nun centro permite o **desdoblamento dos grupos** da materia implicada, o que favorece a creación de grupos menos numerosos, co que se facilita o desenvolvemento de actividades prácticas e metodoloxías activas.

O **compromiso** das familias, unha vez deciden a participación dos seus fillos ou fillas nunha SB, debe manterse **durante un ano** escolar, podendo incorporarse á SB en calquera curso de secundaria, co acordo dos departamentos de Inglés e Física e Química.

Por todo isto, no caso de que poidan estar interesados en participar no programa de Seccións Bilingües, agradecemos a súa asistencia á **reunión** que se celebrará o **martes 29 de Abril ás 19h**.

Sen outro particular, atentamente:

Profesorado do Dpto. de Física e Química do IES Lamas de Abade